

OUTRAS ENTIDADES

FUNDACIÓN MARCO, MUSEO ARTE CONTEMPORÁNEO DE VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*CONVOCATORIA A COBERTURA DO POSTO DE DIRECTOR/A DA FUNDACIÓN MARCO,
MUSEO ARTE CONTEMPORÁNEO DE VIGO*

ANUNCIO

O Padroado da Fundación MARCO, na súa reunión de data 25.10.2018, aprobou as Bases polas que se regula a convocatoria para selección do candidato/a para a cobertura do posto de director/a da Fundación MARCO, Museo Arte Contemporáneo de Vigo

Para coñecemento dos interesados publícase o seguinte,

EXTRACTO DAS BASES

É obxecto de convocatoria a cobertura do posto de director/a do MARCO; o nomeamento realizarase para un período de cinco anos.

As Bases, entre outros requisitos, esixen a acreditación dunha experiencia, nos últimos vinte anos, de polo menos tres anos na dirección e xestión de museos ou centros de arte moderna e/ou contemporánea.

Na valoración das solicitudes presentadas consideraranse os seguintes criterios:

1. MÉRITOS

a) Experiencia. Acreditar experiencia na dirección e xestión de museos ou centros de arte moderna e/ou contemporánea, ou no comisariado de exposicións de arte moderna e/ou contemporánea. Ata 14 puntos.

b) Publicacións. Publicacións no ámbito da museoloxía e na difusión da arte moderna e/ou contemporánea. A puntuación máxima será de 9 puntos.

c) Experiencia docente. Acreditar experiencia docente universitaria, especialmente en facultades de Belas Artes ou Xeografía e Historia. Ata un máximo de 5 puntos.

d) Doutoramento. Ter o título de doutor no campo da historia de arte, a estética, a museoloxía, as belas artes, a arquitectura, a restauración ou a comunicación audiovisual. Ata un máximo de 5 puntos.

e) Mestrados. Mestrados ou estudos de posgrao no campo da historia da arte, a estética, a museoloxía, as belas artes, a arquitectura, a restauración ou a comunicación audiovisual. Impartir conferencias e cursos en mestrados ou estudos de posgrao. Ata un máximo de 2 puntos.



Venres, 9 de novembro de 2018

Núm. 216

f) Premios e recoñecementos oficiais/institucionais polo seu labor de coñecemento e defensa da arte contemporánea. Ata un máximo de 5 puntos.

2. PROXECTO

Cada candidato/a presentará un Proxecto que conterá un “Plan de Actuación” referido ao MARCO para un período de cinco anos, no que se definirán os fins, as liñas de actuación, programas e obxectivos que se propoña conseguir ou desenvolver, considerando a promoción e posta en valor da arte contemporánea galega, española e internacional e da colección escultórica e pictórica moderna e contemporánea propiedade do Concello de Vigo, todo isto no contexto da concepción integral da rede museística do Concello de Vigo. A puntuación máxima polo Proxecto será de 50 puntos.

3. ENTREVISTA

Os candidatos que consigan un mínimo de 65 puntos nas fases anteriores (méritos e proxecto) serán convocados a unha entrevista sobre a experiencia profesional do/a aspirante e sobre a exposición e defensa do seu proxecto na que a Comisión formulará as preguntas que consideren relacionadas co devandito proxecto, co posto de traballo e coas competencias profesionais que require o posto de Dirección. Terá unha valoración máxima de 10 puntos.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O escrito de solicitude de participación na selección presentaranse na sede da Fundación r/ Príncipe nº 54, 36202 Vigo ou nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación de extracto destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

INFORMACIÓN

As persoas interesadas poden obter máis información das Bases aprobadas e o seu texto accedendo á web da Fundación MARCO: <http://www.marcovigo.com/content/perfil-do-contratante>

